

TAREFA PRÁCTICA EXAME PAU (1.5 PTO5.) CUALIFICACIÓN:

NOME:

APELIDOS:

CURSO:

PREGUNTA 3. FILOSOFÍA E FUNCIONS: ACTUALIDADE E UTILIDADE. Ten vostede, grazas aos seus coñecementos filosóficos, o seu primeiro contrato de prácticas na “Fundación: Filosofía social e Comunicación” destinada principalmente a divulgar a actualidade e vixencia do pensamento dos grandes filósofos/as. O seu xefe entrégalle o seguinte fragmento do coñecidísimo e sempre actual documento público: a **Constitución española**. Respecto diso, pídlle a vostede que prepare unha disertación para o Boletín mensual da Fundación. Vostede lembra ben a filosofía de **Locke**, a súa **concepción do Estado** e as súas consideracións sobre os **réximes políticos (liberdade natural, sociedade civil, dereito, absolutismo e contractualismo)** e a súa soada cita: «Aínda que o estado natural sexa un estado de liberdade, non o é de licenza». Relacióno co documento e elabore esa **disertación** que lle solicitaron co título: **«Estado: liberdade e contractualismo»**.

Documento: Constitución española. *Preámbulo:* A nación española, desexando que se estableza a xustiza, a liberdade e a seguridade e que se promova o ben de cantos a integran, no uso da súa soberanía, proclama a súa vontade de: (...) Consolidar un Estado de Dereito que asegure o imperio da lei como expresión da vontade popular.

Artigo 1: punto 2: A soberanía nacional reside no pobo español, do que emanan os poderes do Estado.

Artigo 9: punto 2.- Correspóndelles aos poderes públicos promoveren as condicións para a liberdade e a igualdade do individuo (...).

Artigo 66: punto 2.- As Cortes Xerais exercen a potestade lexislativa do Estado.

RESUME (ABSTRACT): Extensión: 20 liñas.